

Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN DAS FICHAS DESCRITIVAS DE OITO SOLARES INCLUIDOS NO PROGRAMA DE EDIFICACIÓN FORZOSA (EXPTE 259/408)*

#### ANUNCIO

*ASUNTO: APROBACIÓN DAS FICHAS DESCRITIVAS DE OITO SOLARES INCLUIDOS NO PRIMEIRO PROGRAMA DE EDIFICACIÓN FORZOSA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 259/408.*

Na sesión ordinaria do Consello da XMU de data 13 de outubro 2020 foron aprobadas as seguintes oito fichas descritivas dos solares e edificacións incluídos no Primeiro Programa de Edificación Forzosa do Concello de Vigo, que se xuntan como anexo a este acordo, dos seguintes inmobles:

1. Rúa Ferrería 1
2. Rúa Abeleira Menéndez 14
3. Rúa Ferrería 43
4. Rúa Ferrería 49
5. Rúa Alta 8
6. Rúa Alta 10
7. Rúa Alta 12
8. Rúa Alta 14

Mediante o presente anuncio sométense a exposición pública as devanditas fichas coa finalidade de que sexan de xeral coñecemento consonte o establecido no art. 83 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, mediante anuncio no BOP de Pontevedra, no Portal de Transparencia e na sede electrónica do Concello de Vigo.

As fichas relativas a ditos inmobles poderán ser consultadas nos espazos web indicados do Concello de Vigo, xunto á aprobación definitiva do Primeiro Programa de Edificación Forzosa.



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

Dito acordo poderá ser obxecto, potestativamente, de recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da súa notificación/publicación, sen prexuízo de calquera outro recurso que estime pertinente. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Vigo, 16 de outubro 2020

A VICEPRESIDENTA DA XMU (Resolución do 11.07.2019);

María José Caride Estévez

